



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CLUB RAZA CAN DE PALLEIRO PARA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, FOMENTO E DIFUSIÓN DA RAZA CAN DE PALLEIRO NO PERÍODO 2025 – 2028

Esta consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos continuar co apoio á conservación da raza Can de Palleiro, garantindo a súa pureza racial, mediante a supervisión dos cruzamentos e coa realización de actividades de promoción e difusión da raza.

Antecedentes

A Consellería do Medio Rural estableceu no seu día as liñas xerais para a recuperación e conservación de todas as razas autóctonas galegas en perigo de extinción. No caso da raza obxecto do convenio, despois dun período de documentación, estudo e prospección do agro galego na procura de animais da especie canina, comprobouse a existencia dunha poboación comunmente denominada polos criadores como Can de Palleiro, composta por exemplares que gardan entre si unhas características similares e diferenciadoras doutras razas xa descritas. Debido ao interese xenético, social e cultural que supón para Galicia a recuperación, conservación e o fomento desta raza, o 11 de maio de 2001 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de abril de 2001, pola que se fai público o estándar racial e se crea o libro xenealóxico da raza Can de Palleiro.

O Club Raza Can de Palleiro é unha asociación sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro nacional de asociacións. Foi constituído o ano 2002, ten por obxecto a conservación, recuperación, mellora, selección, fomento e difusión da Raza Can de Palleiro. Actualmente o Club Raza Can de Palleiro é a única asociación da raza en Galicia e integra á meirande parte dos propietarios e criadores de exemplares da mesma.

A Consellería do Medio Rural e o Club xa veñen colaborando dende hai anos en prol da raza nas actuacións de campo, na realización periódica de cursos de formación de xuíces e técnicos cualificados da raza, xunto coa promoción, a través de distintos medios, da crianza e do coñecemento da raza. O presente convenio constitúe a actualización e continuación do convenio anterior asinado entre as partes para o período 2021 a 2024.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA
SERVIZO DE PRODUCIÓNS GANDEIRAS E BENESTAR ANIMAL
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T: +34 981 546 180
productionsgandeiras@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Club da Raza Can de Palleiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2028.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións nas que se concederá unha axuda ao Club Raza Can de Palleiro para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza Can de Palleiro.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, que regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, establece na disposición adicional terceira que "A autoridade competente elaborará plans específicos de recuperación para aquelas razas caninas españolas que estean ou poidan considerarse en perigo de extinción", do que se desprende que esta consellería é a responsable directa das actuacións encamiñadas á recuperación da raza Can de Palleiro.

Por outro lado, a Orde do 26 de abril de 2001 establece que a consellería será o órgano competente para levar o seu Libro Xenealóxico e crea unha Comisión Reitora como salvagarda das actividades do libro e garante da pureza racial do Can de Palleiro.

A conservación do Can de Palleiro debe seguir apoiándose en garantir estritamente a súa pureza racial. Segue sendo necesario que se supervisen os cruzamentos e se eviten taxas de consanguinidade que porían en perigo o futuro da raza. O outro pilar fundamental para o crecemento da raza é a promoción e difusión da mesma, mediante a realización de actividades que permitan dar a coñecer a raza e as súas cualidades entre o público en xeral.

En base ao exposto, a Consellería do Medio Rural pretende asinar un novo convenio de colaboración co Club Raza Can de Palleiro co obxecto de establecer as condicións nas que se concederá unha axuda ao Club para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza Can de Palleiro para o período 2025-2028.

A natureza das actuacións recollidas no convenio, como se explica a continuación, aconsella o seu desenvolvemento no prazo sinalado. O traballo con razas ameazadas debe ser continuado e durante un período prolongado. Con independencia da existencia ou non de fórmulas de colaboración entre a administración e as asociacións de criadores, as labores de fomento, asesoramento e difusión non deberían deterse, polo risco sempre presente de que se produza un dano irreversible para a raza.

Compre ter moi en conta que debido ao reducido número de exemplares, son poucos os individuos que alcanzan a condición de reprodutor válido, así como a inscrición no





Rexistro Definitivo da raza, polo que os resultados a acadar e os obxectivos perseguidos, precisan de varias xeracións para garantir o seu cumprimento. E tamén, que o número de criadores e de propietarios tamén é escaso, polo que as actuacións tendentes á mellora da raza, obteñen resultado tras unha acción persistente en todos os ámbitos, que debe ser planificada e executada nun período o suficientemente amplo de tempo.

Como conclusión, para actuacións dirixidas ao crecemento dunha raza, o prazo escollido non é un período longo, máis ben se trata do prazo mínimo para que as accións previstas teñan unha repercusión real nos seus recursos xenéticos.

Por outro lado, o convenio establece distintos mecanismos para asegurarse que a actuación da outra parte sexa eficaz e acade os obxectivos previstos durante o período de duración do convenio, comezando polo feito de que o Club Raza Can de Palleiro está oficialmente recoñecida pola Xunta de Galicia por resolución de 6 de febreiro de 2004 como a única entidade colaboradora no Programa de recuperación da raza.

Ademais, recolle unha avaliación técnica anual das actuacións, en base a un informe analítico das actividades realizadas, que debe presentarse antes do día 15 de xaneiro do seguinte ano. Este incluírá un apartado relativo á determinación exacta dos obxectivos acadados, que poidan ser postos en comparación coa situación de partida. No último ano da duración do convenio, incluírá tamén unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

Tamén contempla a figura da Comisión de seguimento, para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración, coas funcións de coordinar, supervisar e realizar o seguimento das actuacións do mesmo, así como de propor e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da súa aplicación.

Aos requisitos citados engádese a presentación anual da memoria técnico económica e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo.

Resulta de interese público facilitar o desenvolvemento por parte do Club das accións previstas no convenio, xa que esta asociación colabora en exclusiva coas actuacións do programa de recuperación da raza en Galicia, é imprescindible para o éxito do mesmo sendo ademais a entidade de obrigada referencia e contacto para o asesoramento de calquera criador ou particular que pretenda adquirir un exemplar da raza de total garantía.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso se expresa o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.





Por outra parte, o procedemento ordinario de concorrência pública na concesión de subvencións resulta improcedente por acreditarse razóns de interese público, social e económico que dificultan a súa convocatoria pública. Así a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa polas seguintes razóns:

1. O Club Raza Can de Palleiro a única asociación en Galicia e en España desta raza.
2. É a única entidade recoñecida oficialmente como asociación colaboradora coa administración autonómica para o programa de recuperación da raza e para a xestión do seu libro xenealóxico.
3. Conta cunha ampla traxectoria neste campo, e ven colaborando coa Consellería do Medio Rural na recuperación da raza dende o ano 2002.

Xa por último, cabe subliñar que desenvolver o programa de recuperación da raza a través dunha convocatoria pública de axudas, por exemplo mediante a concesión de subvencións aos criadores, non permitiría acadar os obxectivos que se perseguen, xa que por un lado, e como xa se comentou anteriormente, todas as actuacións deben estar supervisadas tecnicamente, e por outro, unha convocatoria deste tipo non tería o impacto buscado de difusión da raza e das súas características entre o público en xeral.

O Club cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto nos artigos 62 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 80 % da contía anual concedida.

No artigo 67 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese que, cando nas bases reguladoras se prevea a posibilidade de realizar pagamentos anticipados ou a conta, as ditas bases deben regular a obriga de constituír garantías nos termos establecidos neste artigo. A garantía debe cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas a conta ou das cantidades anticipadas, calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria. Agora ben, o punto 4 do artigo 67 do Decreto 11/2009 dispón que o Consello da Xunta poderá autorizar a constitución por importe inferior ao disposto neste artigo ou eximir da obriga de constituír garantías.

A formalización destas garantías a través de entidades de crédito resulta moi gravosa para o beneficiario, posto que é unha entidade sen ánimo de lucro e os





gastos de constitución e mantemento das ditas garantías non se subvencionan, ademais da restrición do acceso ao crédito. Estas circunstancias aconsellan que se exima ao beneficiario da obriga de prestar as ditas garantías. A exención de garantías permitirá ao Club dispor dunha maior liquidez para desenvolver correctamente as actuacións conveniadas.

O Club Can de Palleiro quedaría eximido de constituír garantías para efectuar estes pagamentos a conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, observando o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

Relacións laborais

O convenio garante as medidas precisas para evitar a cesión ilegal de traballadores, xa que establece na súa Cláusula Quinta que a súa subscripción non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados do Club Raza Can de Palleiro que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia ademais de que as relacións entre a Xunta de Galicia e o persoal do Club Raza de Can de Palleiro non serán directas nin características dunha relación laboral.

Financiamento

A Consellería do Medio Rural financiará as actividades a desenvolver polo Club Raza Can de Palleiro. A intensidade da axuda poderá chegar ao 100 % dos custos subvencionables sen que en ningún caso se poida superar o custo da actividade subvencionada.

O importe total do convenio ascende a oitenta mil euros (80.000,00 €). Trátase dun expediente que polo carácter plurianual require autorización previa do Consello de Xunta, de acordo co artigo 37.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe económico do convenio distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada anualidade:

- Ano 2025: vinte mil euros (20.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria 15.04.713C.781.1, código de proxecto 2013 00632.
- Ano 2026: vinte mil euros (20.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria que corresponda.





- Ano 2027: vinte mil euros (20.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria que corresponda.
- Ano 2028: vinte mil euros (20.000,00 €). Dispoñibles na aplicación orzamentaria que corresponda.

Este convenio tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto e coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025.

Por todo o exposto, solicítase a tramitación do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can de Palleiro, para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza canina Can de Palleiro para o período 2025-2028.

Santiago de Compostela, á data da sinatura

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Asinado dixitalmente no lateral.

